

Mércores, 23 Abril 2014



Hoxe, 23 de abril, Día Mundial do Libro, terá lugar a lectura do manifesto de convocatoria de constitución do Foro Reimprímeme, unha iniciativa da Asociación Galega de Editores e do Clúster Gráfico e do Libro Galego. O acto terá lugar nas instalacións da Fundación Caixa Galicia en Rúa do Vilar, 19 de Santiago de Compostela ás 11:00 horas da mañá e contará coa presentación e lectura dun manifesto que correrá a cargo da escritora Rosa Aneiros, documento que reivindicará a importancia cultural, educativa e socioeconómica do papel, do libro e da propiedade intelectual dentro do proceso de hibridación que se establece coa intervención dos novos soportes tecnolóxicos. O acto conta co apoio dezasete entidades empresariais e profesionais que representan a máis de 500 empresas e 1.300 profesionais de toda a cadea de valor do sector.

Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego (CPGLg), Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación de Empresarios de Artes Gráficas de Galicia (AEAGG), Federación de Librerías de Galicia, Asociación Galega da Literatura Infantil e Xuvenil (GALIX), Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), ANABAD Galicia, Asociación de Profesionais da Ilustración (AGPI), PEN Club de Galicia, Asociación Galega de Marketing (MARKEA), Asociación de Bibliotecarios Municipais de Galicia, Asociación Galega de Profesionais da Tradución e a Interpretación (AGPTI), Asociación de Periodistas de Galicia (APG), Colexio de Xornalistas de Galicia (CXG), Asociación Galega de Deseñadores (DAG), Agrupación de Distribuidores de Libros y Ediciones en Galicia (ADILE), Consorcio Editorial Galego, Torre Libros.